

PROXECTO DE REGULAMENTO PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLOS CIENTÍFICOS, TÉCNICOS OU ARTÍSTICOS

(Consello Social do...)

O artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (en adiante LOU), relativo á colaboración con outras entidades ou persoas físicas, establece que os grupos de investigación recoñecidos pola Universidade, os departamentos e os institutos universitarios de investigación e o seu profesorado a través destes ou dos órganos, centros, fundacións ou estruturas organizativas similares da Universidade adicados á canalización das iniciativas investigadoras do profesorado e á transferencia dos resultados da investigación, poderán celebrar contratos con persoas, Universidades ou entidades públicas ou privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico. Tamén establece que serán os Estatutos, no marco das normas básicas que dicte o Goberno do Estado, os que establecerán os procedementos de autorización de ditos traballos e de celebración deses contratos así como os criterios para fixar o destino dos bens e recursos que con eles se obteñan. Estas normas básicas estatais non foron aínda aprobadas. Por outra banda, a contratación de traballos de carácter técnico está regulada no Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (LCAP), que no título cuarto do libro segundo regula os contratos de consultoría e asistencia e os de servizos, desenrolado no Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de Contratos. Ademais, a contratación dos traballos de carácter técnico con medios propios da administración recóllese no artigo 199 LCAP, no que se establece que "así mesmo, poderá o servizo levarse a cabo pola propia administración coa colaboración de empresas aplicándose neste caso e no procedente o artigo 194". Este artigo 194 regula a fabricación de bens mobles por parte da administración, e trasladando a súa redacción aos contratos de asistencia técnica e de servizos establece que a realización de servizos e asistencias técnicas pola administración poderá verificarse polos propios servizos da mesma mediante os seus medios persoais ou reais ou coa colaboración de empresarios particulares, cando concorran algunhas das seguintes circunstancias: a) que a administración posúa servizos técnicos suficientemente aptos para a prestación do servizo, caso no que deberá empregarse este sistema de execución; b) que a administración dispoña de elementos persoais e materiais utilizables para a realización do servizo e cuxo emprego supoña unha economía superior ao 20% do orzamento ou unha maior celeridade na súa execución, xustificándose neste caso as vantaxes que se sigan da mesma. En consecuencia, cando a administración posúe medios persoais ou materiais que poda aportar para a realización dun servizo ou asistencia técnica, a lei opta por que sexa a propia administración quen os execute cos seus propios medios. Por tanto, os membros do PDI e do PAS da Universidade terán a consideración de medios persoais propios cos que conta a administración para a realización por si mesma dos traballos previstos no artigo 196 LCAP.

O artigo 58 dos Estatutos da UDC, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio) prevé a posibilidade de que os grupos

de investigación recoñecidos pola Universidade, os departamentos e os institutos universitarios de investigación, e o seu profesorado a través destes ou dos órganos, centros, fundacións ou estruturas organizativas similares da Universidade adicados á canalización das iniciativas investigadoras do profesorado e á transferencia dos resultados da investigación propicien o establecemento de relacións con outras persoas, universidades ou entidades públicas ou privadas que poden plasmarse na sinatura de contratos. Asimesmo, a Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia establece que corresponde ao Consello Social "aprobar, por proposta do Consello de Goberno, os regulamentos internos que regulan a xestión contractual e patrimonial da universidade" (artigo 4 k).

O Consello Social, a proposta do Consello de Goberno, respetando esta normativa, acorda a aprobación da seguinte regulamentación para a contratación de traballos científicos, técnicos ou artísticos, así como para a prestación destas consultorías, asistencias técnicas ou servizos para a propia Universidade da Coruña por parte dos grupos, departamentos e institutos de investigación e dos seus profesores a través dos mesmos.

TÍTULO I

CUESTIÓNS XERAIS

Artigo 1.

1. O presente Regulamento ten por obxecto establecer unha normativa para a xestión e tramitación dos contratos que asinen os grupos de investigación recoñecidos pola Universidade, os departamentos e os institutos universitarios de investigación e o seu profesorado con persoas, universidades (incluída a propia UDC), entidades públicas ou privadas ou con persoas físicas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, e supón o desenvolvemento do artigo 58 dos Estatutos da UDC.

2. No marco do presente Regulamento pódense distinguir:

- a) Contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico asinados con persoas, universidades (incluída a propia UDC) ou entidades públicas ou privadas.
- b) Acordos de colaboración para a realización de traballos técnicos de consultoría, asistencia técnica ou servizos asinados coa UDC, que se materializarán nos correspondentes contratos.

Artigo 2.

O profesorado da UDC, sexa cal sexa o seu réxime de adicación, poderá realizar os traballos de carácter científico, técnico ou artístico aos que se refire o artigo 83.1 da LOU.

Artigo 3.

Todos os bens mobeis e inmobeis, materiais ou inmateriais, que se financiaron a través destes contratos ou acordos integraranse no patrimonio da UDC.

Artigo 4.

1. Para efectos da lexislación de patentes, cando o/a profesor/a realice unha invención consecuencia dun contrato con un ente privado ou público ou dun acordo coa UDC, o contrato ou acordo deberá especificar a cal das partes contratantes corresponderá a titularidade dela.

2. No suposto de que a titularidade dos resultados corresponda, segundo o contrato, á UDC, o/a profesor/a terá dereito a participar nos beneficios que obteña a universidade da explotación ou da cesión dos seus dereitos sobre as invencións mencionadas, na proporción que estableza o correspondente contrato consonte o disposto na normativa propia da universidade ao respecto.

TÍTULO II

OS CONTRATOS PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE CARÁCTER CIENTÍFICO, TÉCNICO OU ARTÍSTICO ASINADOS CON PERSOAS, UNIVERSIDADES OU ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS

Artigo 5.

1. Os contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico poderán ser asinados segundo os casos:

a) Polo/a Reitor/a, ou persoa en quen delegue, en nome da UDC. En calquera caso, corresponderá ao/á Reitor/a ou persoa en quen delegue a sinatura do contrato cando:

- a. A súa execución supere o marco estricto dun departamento ou instituto universitario. No caso de contratos nos que participen varios departamentos ou institutos universitarios esixirase a conformidade previa dos respectivos consellos.
- b. O seu importe total exceda a cantidade establecida polo Consello de Goberno. Esta cantidade será actualizada anualmente.
- c. As súas cláusulas prevexan explícitamente que a UDC como tal, ou o departamento, instituto ou grupo incurra en calquera tipo de responsabilidade en caso de incumprimento do contrato.

b) Polo/a director/a de departamento ou instituto universitario en nome do órgano que dirixa.

c) Polo/a investigador/a responsable do grupo de investigación recoñecido pola UDC en nome do grupo que dirixa.

d) Polo profesorado a través dos departamentos, institutos ou grupos de investigación nos que se integre ou dos órganos, centros, fundacións ou estruturas organizativas similares da UDC dedicados á canalización das

iniciativas investigadoras do profesorado e á transferencia dos resultados da investigación.

2. Nos dous primeiros casos a compatibilidade para a realización da actividade correspondente entenderase concedida automaticamente. Nos dous derradeiros casos a compatibilidade requirirá a previa e expresa conformidade do departamento ou instituto correspondente no que se integre o grupo ou o membro do PDI aos termos do contrato.

3. As autorizacións de compatibilidade para a realización de ditos traballos de carácter científico, técnico ou artístico só poderán ser denegadas por causas obxectivas debidamente xustificadas que non deberán implicar, en ningún caso, un trato discriminatorio entre membros do PDI.

Artigo 6.

1. Os contratos subscritos polos directores de departamento e de institutos universitarios requirirán a conformidade previa dos seus respectivos consellos.

2. A denegación da autorización para a sinatura dun contrato poderá ser recorrida ante o Consello de Goberno.

3. En calquera caso, e antes de proceder á súa sinatura, procederase de acordo co establecido no artigo 8.1 do presente regulamento, facendo constar expresamente dita autorización do consello de departamento ou de instituto.

4. Os contratos subscritos polos directores de departamento e de institutos universitarios non poderán imporlles á UDC ou aos seus departamentos ou institutos universitarios obrigas ou responsabilidades fronte a terceiros, que serán, se é o caso, imputadas ao seu causante a título particular.

Artigo 7.

1. Os contratos a suscribir por un/ha profesor/a ou un grupo deles requirirán a autorización previa da compatibilidade dos seus respectivos consellos de departamento.

2. A autorización entenderase concedida se non se formaliza resolución denegatoria dentro dos 20 días hábiles seguintes á presentación da solicitude na secretaría do departamento.

3. A denegación da autorización para a sinatura dun contrato poderá ser recorrida ante o Consello de Goberno.

4. En calquera caso e antes de proceder á súa sinatura procederase de acordo co establecido no artigo 8.1 do presente Regulamento, facendo constar expresamente dita autorización do consello de departamento.

5. Os contratos subscritos polos grupos de investigación ou polo profesorado non poderán imporlles á Universidade da Coruña ou aos seus departamentos ou institutos universitarios obrigas ou responsabilidades fronte a terceiros, que serán, se é o caso, imputadas ao seu causante a título particular.

Artigo 8.

1. Antes da súa sinatura por quen corresponda os contratos remitiranse ao/á Reitor/a, que no prazo dun mes desde a entrada no Rexistro Xeral, e mediante resolución motivada, poderá declarar a súa improcedencia ao amparo das disposicións legais vixentes. Transcorrido o prazo sen que o/a Reitor/a manifeste a súa oposición entenderase autorizada a sinatura do contrato correspondente.

2. A autorización para a sinatura do contrato será denegada:

- a) Cando os traballos non teñan o nivel científico, técnico ou artístico esixible ao profesorado universitario.
- b) Cando a realización dos traballos poida ocasionar un prexuízo serio ao labor docente, ou cando implique actuacións impropias do profesorado universitario.
- c) Cando o tipo de traballo propio do contrato estea atribuído a determinados profesionais en virtude de disposición legal e o/a profesor/a contratante careza do título correspondente.
- d) Cando as obrigas contidas no contrato impliquen, de feito, a constitución dunha relación estable.
- e) Cando a valoración do traballo a realizar non se axuste a custos reais.
- f) Cando o equipo científico, vistas as dispoñibilidades deste, non acredite o nivel necesario, ou non dispoña de medios precisos.

3. A resolución denegatoria porá fin á vía administrativa.

4. Autorizada a sinatura, o/a Reitor/a ordenará o arquivo polo menos dunha copia de todos os contratos celebrados na Universidade co fin de proceder ao oportuno seguimento e control destes. A estes efectos crearase na Secretaría xeral un arquivo de contratos e o correspondente libro de rexistro de contratos, no que se inscribirá cada contrato cun número que sirva de identificación para todos os trámites del.

5. A UDC non procederá a xestionar economicamente ningún contrato ata que teña entrada no Rexistro Xeral un exemplar asinado del.

Artigo 9.

1. O/A Reitor/a, o/a director/a do departamento ou instituto, o/a investigador/a responsable dun grupo de investigación e todas aquelas persoas que participen na execución dun contrato ou teñan coñecemento do seu contido por razón do cargo ou posto que ocupen, virán obrigados a respectar, se é o caso, a confidencialidade esixida polas cláusulas que conteñan.

2. O contido dos contratos poderá ser considerado materia reservada, en función das súas características ou para protexer a confidencialidade das liñas de investigación das empresas ou entidades. A consideración de materia reservada poderá ser solicitada por:

- a) O/A profesor/a ou investigador/a responsable do grupo de investigación.
- b) O/A director/a do departamento ou instituto.

En todo caso será o/a Reitor/a quen determine se procede ou non dita consideración. En tal caso poderán excluírse do contido do contrato, para efectos de autorización e arquivo, os puntos referentes ao nome da empresa ou entidade contratante, ao obxecto do contrato e ao réxime de patentes ou uso das de utilidade.

Artigo 10.

1. Os contratos aos que se refire o presente Regulamento deberán contemplar, polo menos os seguintes extremos:

- a) Identificación das persoas que o asinan e a representación que ostentan, incluíndo o nome do/a profesor/a e dos membros do equipo de traballo que van a realizalo así como a súa categoría e réxime de adicación, con aceptación expresa das súas obrigas. Calquera cambio na composición do equipo esixirá o acordo das partes asinantes.
- b) Obxecto do contrato e a súa duración, con especificación das obrigas por cada unha das partes.
- c) No seu caso, prego de prescricións técnicas que defina as prestacións obxecto do contrato.
- d) Importe acordado, prazos e forma de pago.
- e) Avaliación económica completa do contrato na que deberán figurar especificados os gastos materiais e persoais ocasionados na realización do traballo, por capítulos, e a partida orzamentaria destinada ao seu financiamento.
- f) Precisión dos mecanismos previstos para o seguimento e control dos traballos a realizar e cláusulas de responsabilidades, se é o caso.
- g) Titularidade dos resultados que se deriven así como calquera restricción que se determinará para a súa publicación.
- h) Proposta de distribución dos recursos que deberá axustarse ó establecido no presente regulamento.
- i) Calendario ou prazo de realización do traballo.

2. Cando se trate de contratos para a realización de proxectos que así o requiran, estes deberán ser visados polo colexio profesional correspondente axustándose a folla de encargo ao modelo oficial pertinente con independencia do contrato suscrito entre as partes.

Artigo 11.

Os recursos procedentes dos contratos, considerando como tales, en todos os casos, o importe total facturado sen incluír o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando se trate de operacións suxeitas a este imposto, serán

destinados a sufragar todos os gastos materiais e de persoal que supoña a realización do traballo, a remuneración do profesorado e a da Universidade segundo se dispón nos artigos seguintes.

Artigo 12.

1. Os gastos materiais e de persoal poderán incluír:
 - a) Adquisición de equipos e material inventariable e realización de obras, así como mantemento e reparación dos equipos adquiridos.
 - b) Compra de material funxible.
 - c) Bolsas ou complementos para estudantes ou persoal de administración e servizos que colaboren.
 - d) Indemnizacións para viaxes e gastos de mantemento.
 - e) Retribucións de persoal propio e de persoal alleo á Universidade.
 - f) Gastos de imprenta, reprografía, servizos informáticos, etc.
 - g) Gastos varios.
 - h) Contratación de servizos específicos con entidades públicas e privadas.
 - i) Remuneración, se é o caso, á entidade xestora.

Neste apartado de gastos deberán contemplarse os correspondentes á utilización dos equipos dos servizos xerais de investigación. O importe a pagar pola utilización será o aprobado polo Consello Social.

2. O importe dos custos anteriores imputarase sempre sen incluír o IVE cando sexa aplicable segundo a lexislación tributaria. Neste caso a entidade xestora será encargada de realizar as oportunas liquidacións do importe.

Artigo 13.

1. A porcentaxe a percibir polo profesor, cando a cantidade neta contratada fose menor ou igual que o quíntuplo dos haberes brutos mensuais dun catedrático de universidade a tempo completo, será dun 85 por cento; cando a cantidade neta contratada exceda de dicho quíntuplo, engadirase unha porcentaxe do 70 por cento do exceso.

2. No caso de contratos subscritos con entidades públicas que xestionen fondos de investigación as porcentaxes ás que se refire o apartado 1 deste artigo poderán ser fixadas pola entidade contratante.

3. A cantidade percibida anualmente por un profesor universitario con cargo aos contratos aos que se refire o Real Decreto 1930/1980, do 10 de outubro, non poderá exceder do resultado de incrementar nun 50 por cento a retribución anual que puidese corresponder á máxima categoría docente académica en réxime de adicación a tempo completo por todos os conceptos retributivos previstos no Real Decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario.

4. A celebración dun contrato comportará a autorización das actividades que no seu desenvolvemento realice o persoal da universidade afectado, así como a concesión de compatibilidade para que se poidan recibir as

compensacións que corresponden nos termos do contrato, e sen prexuízo, en calquera caso, dos límites establecidos no punto anterior.

5. No caso de ser varios os profesores participantes na realización do traballo, as porcentaxes a que se refire o apartado 1 deste artigo serán distribuídas estimativamente entre os profesores segundo a adicación destes á súa realización segundo se especifica no contrato. Neste caso entenderase como cantidade de referencia o quintuplo dos haberes brutos dun catedrático de universidade en réxime de adicación a tempo completo, multiplicado polo número de profesores intervintes no contrato.

6. Ningún profesor pode quedar obrigado a realizar traballos contratados se non manifesta, libremente e por escrito, a súa vontade de obrigarse.

Artigo 14.

1. Unha vez deducidos os gastos contemplados no artigo 12, e a porcentaxe correspondente aos profesores contemplado nos apartados 1 e 2 do artigo 13, o remanente dos recursos correspondente á Universidade asignarase da seguinte forma: a metade á Universidade e a outra metade ao departamento, instituto universitario ou grupo ao que pertencen os profesores que desenvolvan o traballo e a través do cal asinaron o contrato. En caso de contratos nos que participan varios departamentos, institutos ou grupos, distribuírse entre eles segundo figure no correspondente contrato. Así mesmo as cantidades que en virtude dos límites citados no apartado 3 do artigo 13 non poidesen ser percibidas polo persoal, pasarán a incrementar as destinadas ao respectivo departamento, instituto universitario ou grupo de investigación.

2. A cantidade correspondente á Universidade de acordo co orzamento presentado será retida a conta cando se realice o ingreso correspondente ao contrato pola entidade contratante, sen prexuízo de que unha vez rematado o traballo se realice a oportuna liquidación.

Artigo 15.

1. A Universidade, oída a proposta do/a profesor/a responsable do contrato, poderá contratar con persoas físicas ou xurídicas alleas á Universidade aqueles servizos que considera convenientes para a realización del.

2. A contratación de persoal, se é o caso, será sempre tramitada en forma escrita polos órganos de contratación da UDC, de acordo cos procedementos legalmente establecidos e coas condicións requiridas en forma e prazo de contratación de tal forma que, ao remate dos contratos, a Universidade quede exonerada de calquera carga ou obriga.

3. Fomentarase a participación de estudantes de 3º ciclo e últimos cursos de carreira nos traballos, como medida para perfeccionar a súa formación e para a súa iniciación na investigación.

4. O persoal de administración e servicios da Universidade poderá colaborar na realización dos traballos contemplados neste regulamento percibindo a correspondente remuneración, sempre fóra da xornada laboral ordinaria.

TÍTULO III

OS CONTRATOS PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DE CONSULTORÍA, ASISTENCIA OU SERVIZOS ASINADOS COA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Artigo 16.

1. O Consello de Goberno poderá acordar a colaboración dos grupos de investigación da Universidade da Coruña, dos institutos universitarios e dos departamentos, ou do seu profesorado a través dos mesmos, para a realización de traballos técnicos de consultoría, asistencia e servizos aos que se refire o artigo 196 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que se materializará a través do correspondente contrato.

3. Se o orzamento dos traballos obxecto do acordo de colaboración e do correspondente contrato non supera a contía establecida no artigo 210 h) LCAP para a contratación por procedemento negociado sen publicidade deste tipo de servizos, a súa autorización corresponderá ao/á Reitor/a, quen dará conta posteriormente ao Consello de Goberno.

3. A autorización polo/a Reitor/a suporá a concesión da compatibilidade para a realización da actividade correspondente.

4. Os contratos deberán incluír en todo caso os datos recollidos no artigo 10 deste regulamento.

5. A retribución dos traballos obxecto dos acordos de colaboración axustarase aos límites previstos na normativa vixente. A xestión axustarase ao procedemento previsto pola Universidade con carácter xeral para a xestión contractual. Así mesmo, a porcentaxe correspondente á Universidade será a mínima que permita a lexislación vixente aplicada á retribución neta do profesor. No caso de que legalmente non se establecera porcentaxe a Universidade aplicará o 15 %.

6. Ao remate dos traballos obxecto do servizo ou asistencia técnica, a persoa responsable do grupo ou o/a director/a do departamento ou instituto universitario deberá presentar na Secretaría xeral unha memoria xustificativa do traballo desenvolvido e do destino dos recursos obtidos como contraprestación económica.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

1. Non estarán suxeitos a este Regulamento os contratos que realicen os profesores para a publicación dos seus libros, traballos ou traducións científicas ou para a preparación de orixinais destinados á publicación.

Tampouco estará suxeito calquera tipo de premio obtido por un/ha profesor/a.

2. Exclúense expresamente do ámbito de aplicación deste Regulamento os traballos profesionais dos profesores acollidos ao réxime de adicación a tempo parcial, sempre que non supoñan a utilización dos medios, instalacións, equipamentos ou servizos da Universidade da Coruña.

3. Cando o contrato suscrito sexa consecuencia do premio obtido nun concurso público, o importe de dito premio non se incluírá no capítulo de ingreso do contrato.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Non fará falta a solicitude de autorización á que se refiére o presente Regulamento para presentarse a un concurso público, sexa de ideas ou de anteproxectos, ou de obras incluíndo o proxecto. En caso de adxudicación realizarase o correspondente contrato ou acordo consonte co presente regulamento, tendo en conta se é o caso o dito na Disposición adicional primeira, punto 2.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

O réximen xurídico dos contratos suscritos polo profesorado, grupos de investigación, departamentos ou institutos universitarios con anterioridade á data de entrada en vigor deste Regulamento rexiranse polo Regulamento que estaba en vigor no momento de asinalos.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogado o Regulamento para a contratación de traballos de carácter científico, técnico ou artístico ou para o desenvolvemento de cursos de especialización, aprobado pola Xunta de Goberno na súa sesión do día 14 de xuño de 1993.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello Social.